**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**O DÍA 25/03/2024**
**(Extracto en https//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
LINO MOURIÑO SANTIAGO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
DIEGO GARCIA SANTIAGO
CARLOS COIRA LOJO

Lista de non asistentes
SONIA OUTÓN CASAL
PAOLA MARIA MOCHALES

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**
MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 25/03/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 18-mar-2024, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2024/0930**
Dáse conta de escrito presentado por Dona María del Pilar Rodríguez García solicitando a instalación dun espello na rúa Marxión nº45, para realizar con seguridade a saída do inmoble.
Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación de espello na marxe oposta do portalón (xunto ao sinal vertical xa existente e o poste de formigón) efectivamente melloraría as condicións de visibilidade.
Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmoble deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local con anterioridade á instalación do mesmo para a fixación da súa ubicación co fin de que non sexa un obstáculo para a circulación peonil nin de vehículos.

**PRP2024/0932**
Dáse conta do escrito presentado por D. Albino Salazar Díaz e/n Asociación Os Castros Trabanca Badiña, solicitando adopción de medidas para reducir a velocidade na rúa Depuradora, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se incluirá ésta rúa no plan de implantación de reductores de velocidade en Víais Municipais.

**PRP2024/0937**
Dáse conta do escrito presentado por Asociación Veciñal Outeiro Sobradelo, solicitando a

instalación dun espello que facilite a saída da rúa Nove da Rosaleda, para que poidan incorporarse á rúa Oito con seguridade. sobre todo para ter constancia dos vehículos que se lle aproximen polo seu lado dereito.
A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda que se proceda á colocación do espello solicitado.
Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización(Álvaro Rubianes).

**PRP2024/0952**
Visto o escrito de D. Oscar Oubiña Chaves solicitando a situación dunha praza de dicapacidade na rúa Arcebiso Xelmírez, e visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza de estacionamento para discapacitados ao comezo da rúa Arcebispo Xelmirez.
Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Alvaro).

**PRP2024/0971**
Dáse conta do escrito presentado por Don Sergio Crespo Domínguez, inspector Médico do Servizo de Inspección dos Servizos Sanitarios da Consellería de Sanidade, solicitando parar ou estacionar o seu vehículo matrícula 5984KHJ, para carga e descarga de material no local da Consellería na Praza de Ravella, que fai diaramente na zona reservada á carga e descarga ubicada na rúa Duque de Rivas. A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda autorizar a carga e descarga entre as 8 e as 9 da mañá.
Dar conta á Policía Local.

**PRP2024/0984**
Dáse conta de Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais en relación cos escritos presentados polo C.B. Vilagarcía para a celebración da XXVII Vilagarcía Basket Cup, que se vai a levar a cabo os vindeiros días 28, 29 e 30 de marzo do presente ano, no pavillón de Fexdega, pavillón Castelao, pavillón nº2 de Fontecarmoa, P.M. de Guillán e pavillón do IES Carril, aprobada a súa celebración pola resolución, e cesión do material que na mesma se indica.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2024/0991**
Dáse conta de Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais en relación cos escritos do Club Arosa SC para a celebración da V Edición do Torneo Cidade de Vilagarcía, categoría benxamin, Fase Previa, que se vai a levar a cabo os vindeiros días 28 e 29 de marzo do presente ano, no Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo e Campo de Herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, aprobada a súa celebración pola resolución, e cesión do material que na mesma se indica.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2024/0996**
Dáse conta do escrito presentado polo Motoclub VFM en relación á organización dun curso de Iniciación ao Motociclismo os días 28 e 29 de marzo na explanada de aparcamento do Polígono do Pousadoiro. A Xunta de Goberno Local queda sabedora da cancelación do citado curso.

**PRP2024/0999**
Dáse conta do escrito presentado por Dona María Rita Cores Osorio e/n Asociación de Veciños Agustín Romero, solicitando o pintado de liña amarela a ámbos marxenes da rúa Revella.
A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda que se proceda o repintado de liña amarela na citada rúa, xa que se aprecia que a mesma está bastante desgastada polo tempo, dende a súa intersección con Avda de Cornazo, ata a súa intersección con rúa Pino Manso, pintando tamén a ambos márxenes do 21 a 25, onde sexa necesario pola estreiteza, xa que só está pintada unha das súas marxenes.
Dar conta ao Servizo Municipal de Obras.

**PRP2024/1001**
Dáse conta de escrito presentado por Dona Julia Rodríguez Paulos solicitando a instalación dun espello fronte ao nº6 de Camiño de Abaixo, para realizar con seguridade a saída do inmoble.
Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación de espello na saída do portalón, efectivamente melloraría as condicións de visibilidade.
Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmoble deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local con anterioridade á instalación do mesmo para a fixación da súa ubicación co fin de que non sexa un obstáculo para a circulación peonil nin de vehículos.

**PRP2024/1083**
Dáse conta do escrito presentado por Don Adrián Abalo Garanger, en relación á situación dunha xardiñeira na rúa Cervantes (Vilagarcía). A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda que se leve a cabo a recolocación da vexetación que corresponda na xardiñeira, de forma que se continúe coa serie xa existente que ao mesmo tempo serva de ubicación e visibilidade da estrutura existente na calzada. Dar conta á encargada de Parques e Xardíns.

**PRP2024/1084**
Dáse conta do escrito presentado por Don Esteban Barreiro Suárez solicitando sinalización para maniobra de entrada de camións na rúa do Ensino 2.
Dáse conta do informe da Policía Local, indicando que a nave para a cal se solicita sinalización para maniobra de entrada de camións non dispón de placa de vao permanente, polo que non se pode proceder ao solicitado polo Sr. Barreiro Suárez.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora

**PRP2024/1106**
Vista a proposta do Enxeñeiro Informático para adxudicación das seguintes tarefas a realizar sobre o sistema informático de xestión do Parking Xoan XXII:
-Unificar prezos tanto no caixeiro como en caixa
-Cambiar a información impresa que aparece nos tikets.
-Revisar o sistema e indicar fallos e melloras posibles a realizar.
As tarefas deben ser realizadas pola empresa Equinsa Parking, S.L.U, por ser a instaladora e propietaria do sistema.
Visto o anterior a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación á empresa EQUINSA PARKING, S.L.U., as tarefas necesarias para o funcionamento do sistema de xestión do Parking Xoan XXIII,

por importe de 453,75(ive engadido), con cargo á partida 134-22699.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2024/1107**
Dáse conta de esdcrito presentado por D. Juan Francisco Nine González solicitando autorización para a realización de actuacións en directo, no Teleclub Zamar, situado nas instalacións do Local Social da AA.VV. A Revolta de Zamar, os días 11, 12, 13 e 14 de abril, en horario de 22:00 a 02:00 horas.
A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao autorizado, debendo axustarse ás seguintes condicións:
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2024/1108**
Dáse conta da proposta do Director da Área de Comunicación, para aprobar o gasto da renovación da rotulación do pavillón Castelao-Helena Mariño.
O pleno da corporación aprobou na súa sesión do 30 de marzo de 2023, adicar o pavillón da rúa Castelao á memoria de Helena Mariño, xogadora e adestradora de baloncesto que desenvolveu unha notable labor de difusión do deporte especialmente entre os máis mozos.
Propónse a aprobación do presuposto para cambio da rotulación do pavillón, que inclúe o rótulo frontal, impreso sobre dibond(mini panel sandwich de aluminio e polietileno), e as bandeiras laterais de lona. A intención é que os materiais esten colocados con anterioridade ao torneo Vilagarcía Basket Cup, que precisamente leva tamén o nome de Helena Mariño.
Polo que a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adxudicación a Visual Graphics Imagen y Publicidad S.L., por importe de 797,03€(ive engadido), con cargo á partida 926-22613.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## BENESTAR SOCIAL

### EMPREGO

**PRP2024/0968**
A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 04-03-2024 adoptou entre outros o seguinte acordo:
Adxudicar o contrato menor de servizos para a redacción do proxecto para obras de adecuación da Praza de Abastos(Praza da Verdura) ao arquitecto D. Alberto Redondo Porto, por un importe de 16.879,50€(ive engadido), con cargo á partida orzamentaria 150-640.
Notificado o acordo ao adxudicatrio, infórmase por éste, via mail, que a adxudicación debe facerse á Sociedade Redondo, Valladares y Rodríguez arquitectos S.L.P.

A Xunta de Goberno Local acorda rectificar o acordo de adxudicación nos termos que se indican: Adxudicar o contrato menor de servizos para a redacción do proxecto para obras de adecuación da Praza de Abastos(Praza da Verdura) a Redondo Valladares y Rodríguez arquitectos S.L.P, por un importe de 16.879,50€(ive engadido), con cargo á partida orzamentaria 150-640.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

**PRP2024/1111**

Dáse conta de informe do Director da Escola de Música en relación coa realización dunha xira de concertos didácticos por parte do profesorado da Escola Municipal de Música, coa denominación "Clásicos divertidos", nos que participará o alumnado de 6º curso de infantil e 1º curso de Educación Primaria, así como tamén alumnado do CEE de Vilagarcía e das EEI de Solobeira, coa seguinte desagregación:

- Día 6 de maio de 2024, ás 10:00 horas: montaxe, ensaio xeral no Auditorio Municipal.
- Día 7 de maio de 2024, ás 11:00 horas: Concerto no Auditorio Municipal no que participan CEIP Arealonga, CEIP A Lomba, CEIP Anexo A Lomba, CEIP O Piñeiriño, CEIP A Escardia, CEIP Vilaxoán, CEIP Rubiáns, CEIP Carril, CEE Vilagarcía, Colexio San Francisco, Colexio Sagrada Familia, EEI Solobeira.

Os mestres que participaran o farán fóra do horario habitual de traballo, compensando as horas invertidas nos concertos en periodo non lectivo para non interferir as clases habituales.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade á realización dos concertos citados.

**PRP2024/1041**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a proposta da oferta pública de prazas para o curso 2024-2025, seguinte:

| ESPECIALIDADE | G. ELEMENTAL | G. PROFESIONAL | TOTAL |
|---|---|---|---|
| CLARINETE | 2 | 2 | 4 |
| FRAUTA | 2 | 2 | 4 |
| GUITARRA | 1 | 2 | 3 |
| PERCUSION | 1 | 2 | 3 |
| PIANO | 3 | 3 | 6 |
| SAXOFÓN | 1 | 1 | 2 |
| TROMBÓN | 1 | 1 | 2 |
| TROMPA | - | 1 | 1 |
| TROMPETA | 1 | 1 | 2 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| VIOLIN | 1 | 2 | 3 |
| VIOLONCHELO | 1 | - | 1 |
| TOTAL | 14 | 17 | 31 |

Segundo: Aprobar o calendario de matriculación seguinte:

Do xoves 2 ao venres 10 de maio de 2024: matrícula nas probas de acceso para o curso 2024-2025.

Do mércores 5 ao venres 7 de xuño de 2024: matrícula para o alumnado actualmente matriculado no centro para o curso 2024-2025.

Do luns 10 ao mércores 12 de xuño (presencialmente só en horario de mañá): matrícula para o alumnado que ten superado as probas de acceso de xuño 2024 para o curso 2024-2025. A matriculación do alumnado realizarase preferiblemente online, aínda que aquelas familias que teñan dificultades en realizala deste xeito poderán acudir á Secretaría do centro para a súa formalización.

Terceiro: Autorizar á Dirección do centro para:

a) A adopción das medidas organizativas precisas e necesarias para poder levar a cabo a matriculación de alumnado para o vindeiro curso 2024-2025.

b) Modificación da oferta pública de prazas e do calendario de matriculación, no suposto de ser urxente e necesario, informando á XGL e mantendo en calquera caso os límites actuais de contratación do profesorado.

**PRP2024/1042**

Dáse conta da seguinte proposta da Directora do Conservatorio para celebrar concertos e charlas divulgativos en centros educativos e Ampas do municipio:

Primeiro.- Que ten recibido dúas propostas do profesor de clarinete deste centro Roberto Sánchez Barreiro, relativas á realización de concertos divulgativos nos centros escolares do municipio así como charlas divulgativas para as ANPAS dos ditos centros.

Que desde a Dirección do centro temos contactado cos equipos directivos dos diferentes centros educativos do municipio co obxectivo de expoñer esta idea e consultar o seu interese para levala a cabo, tendo obtido resposta afirmativa para elo.

Estes concertos terían lugar nos propios centros educativos, dirixidos a alumnado de entre 6 e 9 anos, e se celebrarían ao longo do mes de abril e/ou principios do mes de maio. O obxectivo principal sería "fomentar o coñecemento e interese polos instrumentos tradicionalmente menos coñecidos abrindo así un abano de novas oportunidades de expresión musical para os futuros estudantes. Nesta iniciativa participarán profesores e alumnado avanzado do CMUS, preparados para compartir a súa paixón e destrezas musicais de forma atractiva e accesible para o alumnado ao que vai dirixida."

Achégase a este informe copia das propostas recibidas, que non supoñen coste económico por si mesmas, aínda que precisan da campaña divulgativa que se expoñe no punto terceiro.

Segundo.- No caso nas charlas divulgativas para as ANPAS dos centros educativos teñen coma obxectivo os seguintes:

- Establecer un diálogo directo con pais e nais sobre os beneficios da educación musical, a través da colaboración con asociacións de pais e nais (ANPAs).
- Dar a coñecer as actividades, programas e oportunidades que o Conservatorio ofrece para o desenvolvemento integral dos nenos e nenas.
- Fortalecer a relación entre o Conservatorio e as familias da comunidade, fomentando unha participación máis activa e consciente na educación musical dos seus fillos.

O profesor Roberto Sánchez encargarase de contactar coas ANPAs para a celebración destas

charlas orientativas nas que se realizará unha presentación en imaxes do que supón estudar no centro e as vantaxes que ten para o alumnado. A estas charlas se podería sumar outro profesorado do centro.
Terceiro.- Que para poder levar a cabo estas actividades, que coinciden no tempo coa publicación da Oferta Pública de prazas para o Acceso ao Conservatorio para o curso 2024-2025, sería desexable contar coa colaboración e axuda da Área de Comunicación do Concello, co obxectivo de realizar novamente a campaña informativa que facemos cada ano. Temos contactado coa Area de Comunicación Social para facerlles chegar as nosas peticións ao respecto.
Por todo o anteriomente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:
Primeiro.- Autorizar a celebración dunha serie de Concertos Divulgativos nos centros de primaria do municipio dirixidos a alumnado de entre 6 e 9 anos e baixo a coordinación do profesor do centro Roberto Sánchez Barreiro, segundo figura no apartado primeiro deste informe.
Segundo.- Autorizar a celebración dunha serie de charlas divulgativas para as ANPAS dos centros educativos de primaria do municipio baixo a coordinación do profesor do centro Roberto Sánchez Barreiro, segundo figura no apartado segundo deste informe.
Terceiro.- Autorización, para que a Area de Comunicación Social do Concello realice a campaña informativa segundo se especifica no apartado terceiro deste informe.

**MERCADOS**

**PRP2024/1109**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Claudia Viviana Corredor Muñoz, solicitando autorización para colocar un posto de venda ambulante de froita de tempada, con vehículo, polo periodo de mediados de maio ata finais de xullo de 2024 na Rúa Fontecarmoa (Rotonda), igual que o ano anterior.
Dáse conta de informe do Servizo de Mercados, no que indica que esta modalidade de venda ven contemplada no Art. 3 c) do Regulamento Municipal de Venda Ambulante.
Así emos o artigo 7 establece:
ART. 7. Postos e vehículos de venda ambulante
1. A venda ambulante realizarase en vehículos ou postos facilmente desmontables e con carácter estacional, para a venda de produtos propios de tempada (castañas, froita, churros...), ou ocasional, nos casos que así o acorde e autorice a Xunta de Goberno Local.
2. As instalacións que se utilicen polo/a titular da autorización, deberán reunir as condicións necesarias para que sirvan de soporte dos artigos que se expenden, debendo reunir as debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato público. En ningún caso, estas instalacións sobrepasarán a superficie fixada para o posto autorizado.
4.- As instalacións e/ou vehículos dedicados á venda de produtos alimenticios cumprirán os requisitos establecidos polas normas sectoriais que resulten de aplicación, especialmente as de carácter sanitario, e as que esixa o organismo titular da estrada na que se sitúen.
A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a Dona Claudia Vivina Corredor Muñoz para a instalación do posto, debendo poñerse en contacto previamente coa Policía Local para a situación exacta do mesmo, axustarse ás condicións fixadas e debendo estar en posesión de toda a documentación para exercer dita venda, así como proceder ao pago das taxas correspondente.
Así mesmo deberase cumprir as seguintes condicións

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso

de peóns.

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

**PRP2024/1110**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Claudia Viviana Corredor Muñoz, solicitando autorización para colocar un posto de venda ambulante de froita de tempada, con vehículo, polo periodo de mediados de maio ata finais de xullo de 2024 no mirador de Carrril, ao final da Rúa Valentín Viqueira.

Dáse conta de informe do Servizo de Mercados, no que indica que esta modalidade de venda ven contemplada no Art. 3 c) do Regulamento Municipal de Venda Ambulante.

Así emos o artigo 7 establece:

ART. 7. Postos e vehículos de venda ambulante

1. A venda ambulante realizarase en vehículos ou postos facilmente desmontables e con carácter estacional, para a venda de produtos propios de tempada (castañas, froita, churros...), ou ocasional, nos casos que así o acorde e autorice a Xunta de Goberno Local.

2. As instalacións que se utilicen polo/a titular da autorización, deberán reunir as condicións necesarias para que sirvan de soporte dos artigos que se expenden, debendo reunir as debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato público. En ningún caso, estas instalacións sobrepasarán a superficie fixada para o posto autorizado.

4.- As instalacións e/ou vehículos dedicados á venda de produtos alimenticios cumprirán os requisitos establecidos polas normas sectoriais que resulten de aplicación, especialmente as de carácter sanitario, e as que esixa o organismo titular da estrada na que se sitúen.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a Dona Claudia Vivina Corredor Muñoz para a instalación do posto, debendo poñerse en contacto previamente coa Policía Local para a situación exacta do mesmo, axustarse ás condicións fixadas e debendo estar en posesión de toda a documentación para exercer dita venda, así como proceder ao pago das taxas correspondente.

Así mesmo deberase cumprir as seguintes condicións

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

**TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

**TURISMO**

**PRP2024/1088**

A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA publicara a RESOLUCIÓN DO 14 DE MARZO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCESIÓN NON COMPETITIVA, DAS SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA ACTUACIÓNS DE EMBELECEMENTO DO LITORAL GALEGO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2023

A intensidade máxima das axudas é dun 90%.

A Xunta de Goberno, a proposta desta Concellería, acordara solicitar subvención para as seguintes actuacións nas liñas que se indican:

Liña 2. Plataforma de contidos dixitais para o Museo de Ferrocarril de Vilagarcía, que contén 3 elementos:

- Unha plataforma de contidos dixitais para os teléfonos intelixentes, que permite xeoposicionar os puntos utilizando o GPS e achegue a información en tres formatos: texto, fotografías e audioguías.
- Unha sinalización física, consistente na colocación de placas informativas dixitais nos recursos a interpretar, con códigos QR.
- Un folleto informativo dixital, para fomentar o coñecemento dos recursos ligados á historia do ferrocarril en Vilagarcía.

O importe desta acción, a desenvolver pola empresa Trivium, Estratexis en Cultura e Turismo, S.L., ascende a 14.995 (Ive engadido), segundo a memoria e presuposto presentados pola empresa.

Liña 3. Mellora dos accesos ao miradoiro a Cruz de Xiabre coa instalación dun carreiro de 320 cm de longo e 125 cm de ancho, con pasos de 21 cm de alto de xabre compactado, realizado en madeira de piñeiro vermello tratada para exteriores. O importe desta actuación será de 41.382 € (Ive engadido), de acordo co presuposto presentado pola empresa Ecoplanin Xestión e Información Ambiental, S.L.

O 26/062023 deuse conta á Xunga de Goberno da resolución da concesión de de cada unha das liñas, cuxo contido resumido é o seguinte:

LIÑA 2

| Denominación proxecto | Orzamento subvencionable | Porcentaxe | Subvención |
|---|---|---|---|
| Contidos dixitais para o museo de ferrocarril MUFEVI | 14.995,00 € | 90% | 13.495,50 € |

LIÑA 3

| Denominación proxecto | Orzamento subvencionable | Porcentaxe | Subvención |
|---|---|---|---|
| Instalación de carreiro de pasos á Cruz de Xiabre | 41.382,00 € | 90% | 37.234,80 € |

O 16/10/2023, deuse conta á Xunta de Goberno do expediente tramitado para a adxudicación do contrato menor de obra para levar a cabo a "Instalación dun sendeiro de pasos á Cruz de Xiabre", no que resultou adxudicataria a empresa ECOPLANIN XESTIÓN E INFORMACIÓN AMBIENTAL, S.L., con CIF B36905156, por un importe de 41.138.79 (IVE ENGADIDO)

Dáse conta agora da certificación de final de obra e da acta de recepción, asinadas por Juan José Rodríguez Cuiña, Arquitecto Municipal, con data do 22/03/2024

Polo que a Xunta de Goberno Local acorda:

A).- Que se cumpriu a finalidade da subvención solicitada

B).- Que a actuación desenvolvida conta coas autorizacións e licenzas urbanísticas e sectoriais necesarias para a súa realización

C).- Que a contratación das obras, equipamentos ou servizos se realizou consonte a normativa de contratación do sector público

D).- Aprobar a Conta Xustificativa da subvención tal como se indica:

| Nº | PROVEEDOR | CIF | Nº FACTURA | Data emisión factura | DATA Recoñecemento Obriga | Data certificación fin da obra | CONCEPTO | IMPORTE con IVE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | ECOPLANIN XESTIÓN E INFORMACIÓN AMBIENTAL, S.L | B36905156 | | | 25/03/2024 | 22/03/2024 | Instalación de carreiro de pasos á Cruz de Xiabre | 41.369.90 |
| TOTAL DO GASTO REALIZADO E RECOÑECIDO...... | | | | | | | | 41.138,79 |

E).- Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de Ecoplanin, Xestión e Infrmación Ambiental, S.L. por importe de 41.138,79€, con cargo á partida 432-60900, da factura FA nº Emit-71 (Rex. 2024/1997), corresponente á instalación dun sendeiro de pasos á Cruz de Xiabre.

**PRP2024/1089**

A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA publicara a RESOLUCIÓN DO 14 DE MARZO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCESIÓN NON COMPETITIVA, DAS SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA ACTUACIÓNS DE EMBELECEMENTO DO LITORAL GALEGO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2023

A intensidade máxima das axudas é dun 90%.

A Xunta de Goberno, a proposta desta Concellería, acordara solicitar subvención para as seguintes actuacións nas liñas que se indican:

Liña 2. Plataforma de contidos dixitais para o Museo de Ferrocarril de Vilagarcía, que contén 3 elementos:

- Unha plataforma de contidos dixitais para os teléfonos intelixentes, que permite xeoposicionar os puntos utilizando o GPS e achegue a información en tres formatos: texto, fotografías e audioguías.
- Unha sinalización física, consistente na colocación de placas informativas dixitais nos recursos a interpretar, con códigos QR.
- Un folleto informativo dixital, para fomentar o coñecemento dos recursos ligados á historia do ferrocarril en Vilagarcía.

O importe desta acción, a desenvolver pola empresa Trivium, Estratexis en Cultura e Turismo, S.L., ascende a 14.995 (Ive engadido), segundo a memoria e presuposto presentados pola empresa.

Liña 3. Mellora dos accesos ao miradoiro a Cruz de Xiabre coa instalación dun carreiro de 320 cm de longo e 125 cm de ancho, con pasos de 21 cm de alto de xabre compactado, realizado en madeira de piñeiro vermello tratada para exteriores. O importe desta actuación será de 41.382 € (Ive engadido), de acordo co presuposto presentado pola empresa Ecoplanin Xestión e Información Ambiental, S.L.

O 26/062023 deuse conta á Xunga de Goberno da resolución da concesión de de cada unha das liñas, cuxo contido resumido é o seguinte:

LIÑA 2

| Denominación proxecto | Orzamento subvencionable | Porcentaxe | Subvención |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| Contidos dixitais para o museo de ferrocarril MUFEVI | 14.995,00 € | 90% | 13.495,50 € |

LIÑA 3

| Denominación proxecto | Orzamento subvencionable | Porcentaxe | Subvención |
|---|---|---|---|
| Instalación de carreiro de pasos á Cruz de Xiabre | 41.382,00 € | 90% | 37.234,80 € |

O 16/10/2023 deuse conta á Xunta de Goberno Local do expediente tramitado para a adxudicación do contrato menor do servizo para levar a cabo a "Creación de Plataforma de Contidos Dixitais para o Museo do Ferrocarril de Vilagarcía de Arousa, no que resultou adxudicataria a empresa - TRIVIUM ESTRATEXIAS EN CULTURA E TURISMO S.L. C.I.F: B70133467, por importe de 14.934,50 € (IVE incluído).
O servizo foi prestado e de conformidade.
Polo que a Xunta de Goberno Local acorda:
A).- Que se cumpriu a finalidade da subvención solicitada
B).- Que a actuación desenvolvida conta coas autorizacións e licenzas urbanísticas e sectoriais necesarias para a súa realización
C).- Que a contratación das obras, equipamentos ou servizos se realizou consonte a normativa de contratación do sector público
D).- Aprobar a Conta Xustificativa da subvención tal como se indica:

| Nº | PROVEEDOR | CIF | Nº FACTURA | Data emisión factura | DATA Recoñecemento Obriga | Data certificación fin da obra | CONCEPTO | IMPORTE con IVE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | CONSULTORES TURÍSTICOS DE GALICIA, S.L. | B09614967 | 11 | 06/11/2023 | 29/12/2023 | | Creación de Plataforma de Contidos Dixitais para o Museo do Ferrocarril de Vilagarcía de Arousa | 14.934,50 |
| TOTAL DO GASTO REALIZADO E RECOÑECIDO...... | | | | | | | | 14.934,50 |

## POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

### PRP2024/1046

Dáse conta do escrito enviado pola compañía aseguradora Mutua General de Seguros no que achegan o suplemento de renovación para a anualidade 2024 dos seguros dos edificios deste Concello, achegan ademáis documento Excel agrupando os edificios por cada un dos servizos aos que corresponden e o coste por servizos, quedando resumido do seguinte xeito:

| | IMPORTE | PARTIDA |
|---|---|---|
| -Administración Xeral € | 8.772,41 € | 920-224 |
| -Sanidade | 5.202,06 € | 920-224 |
| -Servizos Sociais | 616,36 € | 231-224 |
| -Medio Ambiente | 198,14 € | 720-224 |
| -Obras | 457,26 € | 1530-224 |
| -Policía | 571,92 € | 132-224 |
| -Cultura | 17.122,01 € | 334-224 |
| -Educación | 2.090,74 € | 320-224 |
| -Escuela Música | 1.150,39 € | 3262- |

| | | |
|---|---|---|
| | | 224 |
| -Biblioteca | 2.690,23 € | 3321-224 |
| -Promoción Económica | 3.286,52 € | 4312-224 |
| -Turismo | 808,41 € | 432-224 |
| -Emprego | 790,67 € | 241-224 |
| -Emerxencias | 562,90 € | 135-224 |
| -Escola Taller | 562,90 € | 2412-224 |
| -Spad | 669,48 € | 2311-224 |
| -Plan Concertado Servizos Sociais | 843,25 € | 231-224 |
| TOTAL EDIFICIOS ANUALIDADE 2024 | 46.395,66 € | |

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o aboamento do importe correspondente aos seguros de todos os edificios municipais, para a anualidade 2024, da entidade aseguradora Mutua General de Seguros, polo importe citado de 46.395,66€ (IVE incluído).

**CONSUMO**

**PRP2024/1047**

Dáse conta do escrito enviado pola compañía aseguradora Mutua General de Seguros no que achegan o suplemento de renovación para a anualidade 2024 dos seguros da flota de vehículos deste Concello, achegan ademáis documento Excel agrupando os vehículos por cada un dos servizos aos que corresponde cada vehículo e o coste por servizos, quedando resumido do seguinte xeito:

-Servizo de Alumeado……………………………………………………3.735,01 €
-Servizo de Medio Ambiente……………………………………………..5.355,36 €
-Policía Local………………………………………………………………2.536,95 €
-Protección Civil…………………………………………………………...6.854,35 €
-Servizo de Emerxencias…………………………………………………5.873,32 €
-Servizo de Portería…………………………………………………………668,12 €
-SPAD………………………………………………………………………...489,63 €
-Servizo Vías Públicas……………………………………………………9.608,28 €
-Servizo de Xardíns………………………………………………………..2.156,00 €
TOTAL FLOTA DE VEHÍCULOS ANUALIDAD 2024……………………..37.277,02 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o pago do importe de 37.277,02 €, correspondentes á renovación dos seguros de toda a flota de vehículos municipais, para a anualidade 2024, unha vez remitida a correspondente factura electrónica por parte da entidade aseguradora Mutua General de Seguros., coa seguinte desagregación:

-Servizo de Alumeado: 3.735,01 €, con cargo á partida 165.224.
-Servizo de Medio Ambiente : 5.355,36 €, con cargo á partida 1720.224.
-Policía Local: 2.536,95 €, con cargo á partida 132.224.
-Protección Civil: 6.854,35 €, con cargo á partida 135.224.
-Servizo de Emerxencias: 5.873,32 €, con cargo á partida 135.224.
--Servizo de Portería: 668,12 €, con cargo á partida 920.224.

-SPAD: 489,63 €, con cargo á partida 2311.224.
-Servizo Vías Públicas: 9.608,28 €, con cargo á partida 1530.224.
-Servizo de Xardíns: 2.156,00 €, con cargo á partida 171.224.
TOTAL FLOTA DE VEHÍCULOS ANUALIDADE 2024: 37.277,02 €

**PRP2024/1050**
Dáse conta do escrito enviado pola compañía aseguradora Mutua General de Seguros no que achegan o suplemento de renovación do seguro de Responsabilidade Civil Xeral deste Concello para o ano 2024, co nº de póliza 61020025, por un importe total de 83.298,36€, correspondente ao periodo que vai do 01/01/2024 ao 31/12/2024.
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o pago do importe de 83.298,36€, correspondentes á renovación da citada póliza de Responsabilidade Civil para o ano 2024, con cargo á partida 920.224.

**PRP2024/1054**
Dáse conta do escrito enviado pola compañía aseguradora Mutua General de Seguros no que achegan información sobre o resto do programa de seguros diferente á frota de vehículos, edificios e responsabilidade civil para esta anualidade 2024.
A Xunta de Goberno Local acorda a APROBACIÓN de cada un dos citados seguros, da entidade aseguradora Mutua General de Seguros, e que se relacionan a continuación:
-Obras de Arte/ póliza nº 31074102: 667,64 €, con cargo á partida 334.224.
-Accidentes membros de Corporación Municipal/ póliza 51042431: 181,64 €, con cargo á partida 912.224.
-Accidentes traballadores municipais/ póliza 51042433: 4.875,69 €, con cargo á partida 920.224.
-Accidentes SPAD/ póliza 51042437: 245,68 €, con cargo á partida 2311.224
-Embarcacións de Protección Civil/ póliza nº 61141584: 1.142,69€, con cargo á partida 135.224.

**MULLER E PERSOAS MAIORES**

**PRP2024/1044**
Con motivo da celebración do 8 de marzo, Día da Muller, aprobouse na XGL de data 26/02/2024 o orzamento presentado pola empresa GOAHEAD RESTAURACION 2020 SL para o servizo de catering da Maraton Fotográfica baseada na previsión dunha asistencia de 25 persoas, por importe de 350,00€ ive incluido.
O número de persoas inscritas chegou finalmente a 31, o que se comunicou á empresa aos efectos oportunos.
Dito incremento motivou a presentación dunha factura do servizo prestado, por importe de 429,00€ ive incluido.
Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o incremento de gasto na contía de 79,00€ con cargo á partida 2312-22601 para satisfacer o incremento deste gasto que se reflexa a factura presentada pola empresa GOAHEAD RESTAURACION 2020 SL.

**PRP2024/1045**
Con motivo da celebración da Maraton Fotográfica polo 8 de marzo Día da Muller, a área de igualdade Asemade, ao igual que noutros anos decidemos valorar a participación na maratón fotográfica dos nenos e nenas, que non tiveron premio, cuns libros relacionados tanto coa fotografia como coas mulleres.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Espazo do Lector, S.L. por importe de 210,06€ con cargo cargo á partida 92024-559.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CULTURA

**PRP2024/1105**
Vista a proposta da Secretaría Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por TELESERVICIO INSTALACIONES DE OFICINA SL para o subministro dunha cadeira modelo SIA 5, para a sala de exposicións munciipal Antón Rivas Briones, por un implorte total de 247,20€ (IVE incluído), con cargo á partida 334-215.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CONTRATACIÓN

**PRP2024/0976**
Dáse conta da proposta do Concelleiro de Servizos e Medio Rural, para aprobar o proxecto denominado Humanización da Rúa Conde Vallellano e a solicitude de subvención con cargo ao Plan Máis Provincia:
Nos últimos anos o concello de Vilagarcía de Arousa vén promovendo unha serie de iniciativas e investimentos que buscan achegar a cidade á súa veciñanza, mediante a creación de espazos libres de vehículos e a humanización dos mesmos.
Tendo en conta que varios dos viais e prazas dos arredores da rúa Conde Vallellano xa remataron os seus procesos de peonalización, búscase seguir esta recuperación de espazos para as persoas coa humanización da rúa Conde Vallellano.
Para dar continuidade a esa senda impulsada dende o concello de Vilagarcía de Arousa de recuperación de espazos para a cidadanía, foi redactado polo arquitecto, don Mariano Vázquez Iglesias, o proxecto denominado “Proxecto básico e de execución de humanización da rúa Conde Vallellano” que define as actuacións necesarias para levar a cabo estas obras e conseguir a creación dun gran eixo peonil no centro da cidade.
O presente contrato ten a consideración de obra completa, non fraccionándose o obxecto do contrato, constituíndo este unha unidade funcional. As prestacións incluídas no documento técnico satisfacen a necesidade da celebración deste contrato.
A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón no seu artigo 25.2 que o municipio exercerá en todo caso como competencia propia, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a materia de “Infraestructura viaria y otros equipamientos de su titularidad” (apartado d). O artigo 26.1 da mesma norma establece os servizos de prestación obrigatoria para os municipios, o acceso a núcleos de poboación (apartado a).
No mesmo senso se pronuncia a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus artigos 80.2.d) e 81.a)
O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 632.220,04 € (IVE engadido).
O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 6 meses.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 3 de xaneiro de 2024, BOPPO nº 2, publica as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) destinado a colaborar nas obras e servizos de competencia municipal dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia. Este Plan está conformado por 4 liñas, estando a liña 1 dedicada ao financiamento de investimentos que poderán ser as obras, subministracións, as adquisicións de bens inmobles e propiedades inmateriais para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 8 de xaneiro de 2024, relativa á aprobación da cantidade total e que por liña lle corresponde a cada concello, que dispón para o concello de Vilagarcía de Arousa as seguintes cantidades:

| CONCELLO | TOTAL 2024 | LIÑA 1 | LIÑA 2 | LIÑA 3 | LIÑA 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| Vilagarcía de Arousa | 1.482.114,40€ | 1.037.480,08€ | 123.015,50€ | 284.565,96€ | 37.052,86€ |

Visto que foron remitidas as seguintes propostas á Xunta de Goberno Local, na súa vindeira sesión de 18 de marzo de 2024, de solicitude de subvención con cargo á liña 1 do citado Plan Máis Provincia:

| Investimentos | Importe da solicitude |
|---|---|
| Mellora de acceso ao Piñeiriño por rúa Wenceslao Fernández Flórez | 214.220,55€ |
| Reparación de beirarrúas na rúa Patio Saavedra | 28.531,29€ |
| Ampliación da rede de saneamento e abastecemento en tramo de Camiño Regueira (Fontecarmoa) | 95.787,30€ |
| Reforma de vestiarios no pavillón de Carril | 35.162,56€ |
| Dúas pantallas para o pavillón de Fontecarmoa I | 58.685,00€ |
| | |
| Total dos 5 investimentos | 432.386,70 € |
| Importe restante liña 1 do Plan Máis Provincia | 605.093,38 € |

Tendo en conta que a disposición xeral quinta das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) establece que o traspaso de crédito das liñas 2, 3 e 4 cara a liña 1 pode producirse en calquera momento e sen límite, sería necesario o traspaso da liña 4 á Liña 1 da cantidade de 27.126,66 €, para completar o importe total do investimento denominado “Humanización da rúa Conde Vallellano”.

| | |
|---|---|
| Liña 4. Total concedido | 37.052,86 € |
| Arrastre a liña 1 | -27.126,66€ |
| Saldo liña 4 | 9.926,20€ |

Con esta transferencia da liña 4 os investimentos solicitados con cargo á liña 1 son os seguintes:

| Investimentos liña 1 | Importe da solicitude |
|---|---|
| Mellora de acceso ao Piñeiriño por rúa Wenceslao Fernández Flórez | 214.220,55€ |
| Reparación de beirarrúas na rúa Patio Saavedra | 28.531,29€ |
| Ampliación da rede de saneamento e abastecemento en tramo de Camiño Regueira (Fontecarmoa) | 95.787,30€ |

| | |
|---|---|
| Reforma de vestiarios no pavillón de Carril | 35.162,56€ |
| Dúas pantallas para o pavillón de Fontecarmoa I | 58.685,00€ |
| Humanización Conde Vallellano | 632.220,04 € |
| IMPORTE TOTAL INVESTIMENTOS CON CARGO A LIÑA 1 | 1.064.606,74 € |

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:
1.- Aprobar o proxecto técnico denominado "Proxecto básico e de execución de humanización da rúa Conde Vallellano", redactado polo ao arquitecto don Mariano Vázquez Iglesias, cun orzamento de 632.220,04 € (IVE engadido).
2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra o traspaso de 27.126,66 € da Liña 4 á Liña 1 do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA).
3.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo á liña 1 do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA), a cantidade de 632.220,04 € para financiar o investimento "Humanización da rúa Conde Vallellano".

**PRP2024/1082**
Dáse conta da resolución de pagamento medida Leader(submedida 19.2: Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) do PDR de Galicia 2014-2020. Convocatoria de proxectos 2023-2024, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por importe 4.000,00€ (001- pago parcial), da subvención concecida en relación ao expediente L23-1920-17 0210 Proxecto Básico e de Execución Circuito de Pump Track en Rúa Bubela. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2024/1098**
Dáse conta da proposta para aprobar o nomeamento de Director de Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde da Obra de "Renovación do Ascensor do Paso A Escardia":
Na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o 13 de novembro de 2023, adxudicouse contrato menor de obras de "Renovación do ascensor do Paso A Escardia" á mercantil Schindler S.A. (A50001726) por importe de 39.981,73€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.396,16€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 48.377,89€.
Estando próxima a data de inicio dos traballos é preciso o nomeamento de director de Obra, que será o axente que, formando parte da dirección facultativa, dirixirá o desenvolvemento da obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e medioambientais, co obxecto de asegurar a súa adecuación ao fin proposto.
Visto o que antecede,
A Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Nomear ao arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde do investimento denominado "Renovación do ascensor do paso A Escardia"

**PRP2024/1104**

Dáse conta da proposta para dar conta dos prazos que se teñen que cumprir, tas a concesión da subvención para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Agora 2023:

Solicitada a subvención arriba mencionada por este concello o 31 de xaneiro de 2023; en data 17 de xaneiro de 2024, no BOPPO núm. 12, públicase a concesión da mesma nos seguintes términos:

| Cód.expte. | Data e hora de rexistro da solicitude | Concello | Titulo do proxecto | Custo estimado | 90% do custo estimado | Contía solicitada polo Concello | Total contía Concello |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2023006099 | 31/01/23 8:39 h | VILAGARCIA DE AROUSA | Peonalización e Humanización da Rúa Esperanza | 18.089,50 | 16.280,55 | 16.280,55 | 48.841,65 |
| 2023006102 | 31/01/23 8:43 h | | Peonalización e Humanización da Rúa Vicente Risco e un Tramo da Praza de España | 18.089,50 | 16.280,55 | 16.280,55 | |
| 2023006105 | 31/01/23 8:49 h | | Humanización Rúa bouza de Abaixo (Vilaxoán) | 18.089,50 | 16.280,55 | 16.280,55 | |

Nas Bases Reguladoras da convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos, públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concello da Rede Agora publicadas no BOPPO de 20 de maio de 2022 co núm 96, na base 4ª.4 establece:
"4.- No prazo máximo de 3 meses desde a publicación da resolución de concesión da subvención no BOPPO, o concello deberá ou ben ter adxudicados os contratos menores necesarios, o que se acreditará mediante a presentación das resolucións ou acordos de adxudicación, ou ben iniciar a tramitación dos procedementos de contratación dos contratos no caso de que excedan os importes para contrato menor.
Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2024/1271**
Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xaneiro de 2023, adxudicouse o contrato MIXTO DE SUBMINISTRO E SERVIZOS DENOMINADO "RENOVACIÓN DO CPD DO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA", NO MARCO DA ORDE TER/836/2022, DO 29 DE AGOSTO, POLA QUE SE APROBAN As BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, E EFECTÚASE A CONVOCATORIA CORRESPONDENTE A 2022. «PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA-FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU», MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA, ESTABLECIDO POLO REGULAMENTO (UE) 2021/241 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO

CONSELLO, DO 12 DE FEBREIRO DE 2021, COMPOÑENTE 11, INVESTIMENTO 3, DO PRTR, XESTIONADO POLO MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL., cun orzamento de licitación de 199.985,89 € (sen IVE), 241.982,93 € (IVE incluído) á empresa NIF: B15834872 Ozona Tecnoloxías da Información, SL, por un importe de 187.000,00 € correspondéndolle un IVE (21%) de 39.270,00 € o que fai un total de 226.276,00 €, incluíndo melloras.
O contrato administrativo foi asinado con data 25 de xaneiro de 2024, cun prazo de execución de 2 meses contados a partir do día seguinte ao da firma do contrato.
Con data 21 de marzo de 2024 o Xefe de Servizo do Departamento de Informática do Concello de Vilagarcía de Arousa, emite informe concluíndo o seguinte:
"(…) INFORME:
"Por parte do que subscribe e en virtude do sinalado, solicita ao órgano de Contratación (XGL) a ampliación do prazo de execución (establecido en dous meses desde a formalización do contrato), ampliándoo en 1 mes como mínimo, sen prexuízo de poder ampliar novamente o mesmo en caso de ser necesario e tendo en conta a solicitude de ampliación de prazo de execución , ata o 30 de xuño de 2024 ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática (Dirección Xeral de Cooperación autonómica e local) e que actualmente está pendente de resolver, co obxectivo de finalizar o proxecto con éxito."
Visto o que antecede e o informe xurídico a Xunta de Goberno Local acorda:
A ampliación do prazo de execución do contrato, ampliandoo en 1 mes como mínimo (ata o 26 de abril de 2024), sen perxuizo de poder ampliar novamente no mismo caso de ser necesario e tendo en conta a solicitude de ampliación de prazo de execución ata o 30 de xuño de 2024 ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática (Dirección Xeral de Cooperación autonómica e local) e que actualmente está pendente de resolver, co obxetivo de finalizar o proxecto con éxito.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

**PRP2024/1039**
Visto o expediente integrado pola certificación de obra Nº DOUS E FINAL (2024/1306), derivada da execución do contrato de obras denominado "ENSANCHE E MELLORA DA RÚA XIABRE", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2024/1443), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado 2023-2-SUBV-8-1 por importe de 65.612,41€.
Visto que o expediente consta da conformidade técnica.
Visto o informe do Director de Obra e do Director de Execución Material, da última certificación, xustificativo das partidas obxecto de variacións.
Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.
A Xunta de Goberrno Local acorda:
PRIMEIRO: O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº Nº DOUS E FINAL (2024/1306), derivada da execución do contrato de obras denominado "ENSANCHE E MELLORA DA RÚA XIABRE", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2024/1443), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado 2023-2-SUBV-8-1 por importe de 65.612,41€, coa seguinte desagregación:

| REX. | Nº de Doc. | Fecha Dto. | Importe | Nome | Texto Explicativo | Progr. | Econ. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1306 | DOUS E FINAL | 21/02/2024 | 65.612,41 | MOVIM. DE ARIDOS Y CONST. DE AROSA, | CERT. DOUS E FINAL OBRA ""ENSANCHE E MELLORA DA RÚA XIABRE"" PROX: | 454 | 61900 |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | S.L. | 2023/2/SUBV/8/1 | | |

**PRP2024/1086**

Visto o expediente de gasto INT/2024/96 integrado pola relación de xustificantes F/2024/10 por importe de 13.012,27€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/10 por importe de 13.012,27€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Economica | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2024/637 | 02148000002024F | 31/01/2024 | 7.221,22 | 4312 | 22700 | CLECE, S.A. | Servicio de limpieza diaria en LA PLAZA DE ABASTOS DE VILAGARCÍA Y PLAZA DE ABASTOS DE VILAXOÁN durante el presente mesl |
| F/2024/689 | Emit- 1000353 | 31/01/2024 | 184,55 | 1720 | 210 | E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL | CURVA DE ACERO 1 1/2 NORMA 3 / T.CUADRADO S.GALVA 30X30X2.00 / T.RECTANGULAR GALVA 40X30X2.00 / T.RECTANGULAR GALVA 40X2 |
| F/2024/716 | 1240200005 | 05/02/2024 | 968,00 | 1720 | 22199 | GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U. | COLUMNA TRONCOCONICA 6MTS |
| F/2024/741 | 24027 | 31/01/2024 | 450,74 | 1720 | 213 | PADIN SILVA, FRANCISCO | SUBMINISTRO MATERIAL PARA REPARACIÓN DE MOTOSIERRA STIHL MS200T REPARACIÓN DE DESBROZADORA 545 |
| F/2024/783 | 4051684848 | 25/01/2024 | 514,95 | 1720 | 213 | WÜRTH ESPAÑA, S.A. | ASSY 4 INOX A2 AVELLANADO 5X40 RW20 / WUPO 2.0 AVELL. BI.5X40/34 GG / BATERIA-28V-3,0AH-LI-ION / ARN-ALA-ANCHA-DIN902 |
| F/2024/1180 | 1198 241300095 | 16/02/2024 | 1.733,60 | 1720 | 213 | BAYGAR, S.L. | MANO DE OBRA / DEPOSITO / CAUCHO / TUBO GASOLINA 8MM / REF.FACT.L.J.23*006560 MAT.ELECT. Y MANO DE O. |
| F/2024/1259 | 202401336 | 16/02/2024 | 728,46 | 1720 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | HAMMERITE SATINADO BLANCO 750ML / PALETINA CUADRUPLE GOLD CERDA MIXTA Nº30 / PALETINA CUADRUPLE GOLD CERDA MIXTA M/PLAST |
| F/2024/1262 | 4051820382 | 19/02/2024 | 468,42 | 1720 | 213 | WÜRTH ESPAÑA, S.A. | FILOBRUSH-3MM-200M-SQUARE / DISCO-CORTE-VERDE-SPEED-PLUS-D115X1 |
| F/2024/1275 | 24043 | 15/02/2024 | 377,82 | 1720 | 213 | PADIN SILVA, FRANCISCO | MATERIAL PARA ROZA. MEDIOAMBIENTE. |
| F/2024/1284 | 202400423 | 15/01/2024 | 176,61 | 1720 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | BARNIZ TINTE SATINADO DOKAPI INCOLORO 750ML / BOSCH HOJA SIERRA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | CALAR T101B H/S/CALAR / BASE AEREA T/T GOMA 16A NEGRO / |
| F/2024/1285 | 202401360 | 26/02/2024 | 187,90 | 1720 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | TORNILLO S WIROX(GALVA) TORX PR 60X120 / BROCA DIN-340 HSS RECTIF. Ø05,00MM / BOSCH BROCA SDS PLUS 5X 10X100X160 / BOSCH |
| | | TOTAL | 13.012,27 | | | | |

**PRP2024/1090**
Vista a proposta do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor da Fundación de Deportes, por importe de 200.000,00 €, con cargo á partida 342.410, correspondentes a aportación do Concello para o sostemento de gastos da Fundación duante o ano 2024.

**PRP2024/1120**
Visto o expediente de gasto INT/2024/95 integrado pola relación de xustificantes F/2024/21 por importe de 45.052,64€.
Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.
A Xunta de Goberno Local acorda:
PRIMEIRO: Imputar o gasto do exercicio 2023 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente para a facturas F/2024/1090 por importe de 1.553,41€.
SEGUNDO: En virtude do establecido na Base 21 do orzamento, Imputar o gasto do exercicio 2023 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente (2022 prorrogado), segundo se indica.
TERCEIRO: Ampliación do crédito no seguinte acordo, como consecuencia de variacións xurdidas durante a execución do contrato en cuestión:

| Nº Operación | Fase | Fecha | Aplicación | Importe | Texto Libre | MODIFICACION |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 220240000187 | AD | 22/01/2024 | 132 22799 | 1.375,00 | ADXUD. SERVIZO DESTRUCCIÓN DOCUMENTAL ""MULTAS TRÁFICO -ARQUIVO GARAXE"" E ""DOCUMENTACIÓN VARIA-ARQUIVO MUNICIPAL"" | +275,00 |

CUARTO: Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/21 por importe de 45.052,64€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Economica | Nombre | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2024/80 | V2301554 | 31/12/2023 | 651,20 | 171 | 22103 | AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L. | S/P 95 ( Matricula: GARRAFAS ) / GASOLEO A ( Matricula: 8223MFS ) / GASOLEO A ( Matricula: 4331KFG ) / GASOLEO A ( Matri |
| F/2024/808 | 24 019 | 31/01/2024 | 4.065,60 | 9201 | 22706 | ANTON CAMPOS CONSULTORES, S.L. | Adquisiicón de una bolsa de 40 horas para la prestación del servicio de mantenimiento de bases de datos |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2024/1 079 | 2024-VG 28735 | 25/01/ 2024 | 738,10 | 9201 | 22706 | AYCO INTERNET, S.L. | Servicio de limpieza antispam/antivirus para los correos de VILAGARCIA.ES (Enero 2024- Diciembre 2024) (aprobado en X.G. |
| F/2024/1 080 | 2024-VG- 28736 | 25/01/ 2024 | 603,79 | 912 | 22706 | AYCO INTERNET, S.L. | Sistema de Agenda compartida BDOutlook. 15 Licencias (Enero 2024- Diciembre 2024) (aprobado en X.G.L. 02/01/2024 y que e |
| F/2024/1 081 | 2024-VG- 28737 | 25/01/ 2024 | 3.055,25 | 9201 | 22706 | AYCO INTERNET, S.L. | Renovación del sistema de correo de 250 buzones y Albergue VILAGARCIA.ES, IVILAGARCIA.COM y VILAGARCIA.GAL en las condic |
| F/2024/1 082 | 2024-VG 28739 | 25/01/ 2024 | 1.573,00 | 9201 | 22706 | AYCO INTERNET, S.L. | Alojamiento web multisite (Enero 2024 - Diciembre 2024). (aprobado en X.G.L. del 02/01/2024 y que está destinado al Depa |
| F/2024/1 083 | 2024-VG- 28738 | 25/01/ 2024 | 1.512,50 | 926 | 22706 | AYCO INTERNET, S.L. | Alojamiento y gestión de la web corporativa asociado a los dominios VILAGARCIA.ES e IVILAGARCIA.COM durante 1 año. (Ener |
| F/2024/1 090 | 1 20232170 | 29/09/ 2023 | 1.553,41 | 920 | 22706 | SOLU. AVAN. INFORM. APLICADA, S.L. | Mantenimiento Ginpix7 01/07/2023 a 30/09/2023 ( EN CASO DE NO NOTIFICAR A SAVIA LA DISCONFORMIDAD TOTAL O PARCIAL SOBRE |
| F/2024/1 201 | N518 | 20/02/ 2024 | 2.962,08 | 9201 | 22706 | INTERN. PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L. | Soporte e mantemento da electrónica de rede do Concello formada por seis switches Brocade ICX7450-48 |
| F/2024/1 202 | Emit- 982 | 20/02/ 2024 | 2.229,55 | 920 | 22001 | VLEX NETWORKS, S.L. | Licencia Vlex Españ premium+Vlex Analytics+Vincent+Práctico Contencioso administrativo,contratación del sector público+P |
| F/2024/1 223 | Emit- 115 | 21/02/ 2024 | 116,00 | 3321 | 22001 | CARREIRO FERNANDEZ, ABRAHAM | Subscricion á revista infantil O Papagaio, 4 exemplares/mes para a biblioteca municipal ( De febreiro 2024 a xaneiro 202 |
| F/2024/1 270 | 202401348 | 16/02/ 2024 | 207,06 | 171 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | CAJA GRAPAS COBREADAS 530/10-1200-77515 / PISTOLA GRAPADORA 0.7X11.3 MM / maria eugenia / ORDEN COMPRA: DOLORES BARREIRO |
| F/2024/1 276 | 24042 | 15/02/ 2024 | 454,36 | 171 | 213 | PADIN SILVA, FRANCISCO | ROLLO NYLON HUSQVARNA, CUCHILLA Y VISOR. |
| F/2024/1 283 | 0 24000639 | 10/02/ 2024 | 24,09 | 171 | 22199 | SOBRINO G., S.A. | CANDADO TIFON 30 A/L ( DOLORES BARREIRO SUMAY ) / COLLARIN N-4,8 x 290 B/100 / ALAMBRE GALV 1,30 N.8-250GRS.ROLLO ( DO |
| F/2024/1 | @ | 03/01/ | 419,95 | 334 | 22001 | FARO DE VIGO, S.A. | Suscripción: FARO DE VIGO 363 |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 298 | 2024/0000192 | 2024 | | | | | uds. 02/01/2024 - 31/12/2024 ( _ ) |
| F/2024/1300 | @ 2024/0000155 | 03/01/2024 | 419,95 | 3321 | 22001 | FARO DE VIGO, S.A. | Suscripción: FARO DE VIGO 363 uds. 02/01/2024 - 31/12/2024 ( _ ) |
| F/2024/1301 | *ADM24 66 | 26/02/2024 | 166,84 | 171 | 22109 | VIVEROS O PIÑEIRO, S.L. | ROSA ECUADOR (UNIDAD) / GYPSOFILA BLISTER / NARDOS BLISTER / LILIUM / REPOSICION / TAZA HEMERA BOWL 29CM CREMA / PHALENO |
| F/2024/1302 | *ADM24 67 | 26/02/2024 | 188,06 | 171 | 22109 | VIVEROS O PIÑEIRO, S.L. | BOUGAMBILLEA ARBUSTIVA / ANTIRRINUM / ANTIRRINUM M13 / ALISUM TARRINA 3.6L / ANTIRRHINUM MAJUS 1.6L / MARGARITA 1L / MAR |
| F/2024/1303 | *ADM24 68 | 26/02/2024 | 225,00 | 171 | 22109 | VIVEROS O PIÑEIRO, S.L. | CERCIS SILIQUASTRUM 14/16 / ESPONJA CENTROS OASIS IDEAL MAXLIFE / REPOSICION PLAZA DE LA INDEPENDENCIA |
| F/2024/1322 | REP-24 002 | 29/02/2024 | 229,90 | 334 | 22602 | BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L. | FEBRERO.-Reparto de material publicitario de actividadess de caracter cultural. |
| F/2024/1324 | FA 1864 | 29/02/2024 | 1.650,00 | 132 | 22799 | INTEGRALDATA SECURITY, S.A. | DESTRUCCION DE HISTORICOS EN JAULA / ARCHIVO GARAJE / A/A ROBERTO SOBRADO / PRECINTO Nº 12 JAULA |
| F/2024/1325 | FA 1863 | 29/02/2024 | 1.512,50 | 920 | 22799 | INTEGRALDATA SECURITY, S.A. | DESTRUCCION DE HISTORICOS EN JAULA / ARCHIVO MUNICIPAL / A/A ROBERTO SOBRADO / PRECINTO Nº 11 JAULA |
| F/2024/1327 | 202400888 | 31/01/2024 | 369,81 | 1720 | 22199 | CASTROMAN I, S.L. | CIEN TORNILLO 6,0X120 H.F.INOX A2 / BOTA C/ALTA C/P. PLANT 2091 T-44 VERDE / PINZA AUTOMATICA PLASTICO 135MM / retirado |
| F/2024/1328 | 1198 241300119 | 29/02/2024 | 482,38 | 171 | 213 | BAYGAR, S.L. | MANO DE OBRA / TUERCA FRENO / SILENTBLOCK / REF.ALB.RM 01/02401050 ROTULAS / REF.ALB.C. 1/240218 CASQUILLOS |
| F/2024/1329 | 1198 241300118 | 29/02/2024 | 492,35 | 171 | 213 | BAYGAR, S.L. | MANO DE OBRA / FILTRO DE AIRE / FILTRO DE ACEITE / ACEITE REPSOL DRIVER SPEED SYNTH 10W40 |
| F/2024/1332 | F24 07 | 29/02/2024 | 6.207,00 | 334 | 22609 | FERNANDEZ CARRODEGUAS, M. ESTHER | FUNCIÓN DE IRIBARNE, día 24FEB, no Auditorio Municipal, dentro da programación da RGTA. |
| F/2024/1333 | FV24-0275 | 29/02/2024 | 7.361,64 | 9201 | 22706 | OZONA TECNOLOGIAS DE LA INFORMACION, S.L. | Renovación servizo de soporte e mantemento dos equipos/servidores da plataforma de copias de segurid |
| F/2024/1339 | 05/2024 | 29/02/2024 | 3.025,00 | 4311 | 22799 | CRAFTIUM S.L. | Hito 4- Mes de enero 2024 - Asistencia técnica integral para a |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | organización e desenvolvemento do concurso de iniciativas |
| F/2024/1355 | 2024 Emit - 3 | 01/03/2024 | 1.186,27 | 4312 | 202 | PANADERIA A-ESPIÑEIRA, S.L. | ARRENDAMIENTO DE PARTE COMERCIAL DE 124 METROS CUADRADOS DEL INMUEBLE SITO EN RUA AVELINA NOGUEIRA, Nº23 PARA EMPLAZAMIE |
| F/2024/1360 | A 5352 | 29/02/2024 | 1.370,00 | 231 | 22610 | BONVEHI SAN MARTIN, KATIA MARIA | SESIONES DE FISIOTERAPIA EN CLINICA SAF FEBRERO ( Oficina ContableL01360600 Intervención General Órgano GestorL01360600 |
| | | TOTAL | 45.052,64 | | | | |

QUINTO: Reintegro do crédito sobrante no seguinte acordo, como consecuencia de variacións xurdidas durante a execución do contrato en cuestión e informada favorablemente polo órgano xestor responsable do contrato:

| Nº Operación | Fase | Fecha | Aplicación | Importe | Texto Libre | MODIFICACION |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 220240000187 | AD | 22/01/2024 | 920 22799 | 1.925,00 | ADXUD. SERVIZO DESTRUCCIÓN DOCUMENTAL ""MULTAS TRÁFICO -ARQUIVO GARAXE"" E ""DOCUMENTACIÓN VARIA-ARQUIVO MUNICIPAL"" | -412,50 |

E sen máis asuntos que tratar, ás 14:23 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.